

A D.O. Ribeira Sacra supera o ecuador da vendima

Das 97 adegas acollidas á Denominación que vendiman nesta campaña, 27 xa completaron os traballos, 62 están vendimando, 6 aínda non comezaron e 2 téñena paralizada.

A data 30 de setembro recolléronse na **D.O. Ribeira Sacra 3.532.308 quilos de uva**. Na pasada campaña roldábase esta cifra o 24 de setembro, cando se tiñan recoleito 3.496.411 quilos, aínda que entón, 35 adegas estaban vendimando e este ano o dobre de adegas aínda están por finalizar. Por variedades os quilos recoleitos distribúense do seguinte modo:

Variedades tintas

- **Mencia 2.676.265 kilos**
- Garnacha 94.506 kilos
- Merenzao 56.963 kilos
- Brancellao 22.740 kilos
- Caíño tinto 18.772 kilos
- Tempranillo 12.542 kilos
- Sousón 8.394 kilos
- Mouratón 3.986 kilos

Variedades brancas

- **Godello 500.956 kilos**
- Albariño 89.099 kilos
- Treixadura 33.990 kilos
- Dona Branca 5.571 kilos
- Branco Lexítimo 4.319 kilos
- Loureira 2.403 kilos
- Torrontés 1.798 kilos

A uva segue tendo un **estado sanitario óptimo** e os traballos séguense desenvolvendo con todas as medidas necesarias para a prevención da Covid19.